



Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións provisionais de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados pola Resolución do 20 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión en comisión de servizo de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de Xustiza

O 20 de xullo de 2022 publicouse na intranet de Xustiza e mais na web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución do 20 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

O punto cuarto da dita resolución establece que o prazo de presentación de solicitudes é de cinco días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria (do 21/07/2022 ata o 28/07/2022).

Unha vez publicada a convocatoria tívose constancia da próxima reincorporación da persoa titular da praza correspondente ao corpo de tramitación procesual e administrativa do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela, polo que non sería unha praza susceptible de cobertura mediante comisión de servizos.

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVO

Primeiro.- Facer públicas, no Anexo I da presente resolución, as puntuacións obtidas por cada participante da convocatoria así como a listaxe de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no Anexo II da presente resolución, a listaxe das adxudicacións provisionais.

Terceiro.- Anular a convocatoria da praza do corpo de tramitación procesual e administrativa do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela.

Cuarto.- De conformidade co artigo 11 da Resolución do 21 de marzo de 2022, as persoas interesadas poderán formular reclamacións no prazo de 3 días hábiles contado desde a publicación desta resolución na intranet de Xustiza e mais na web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O director xeral de Xustiza
José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



ANEXO I
**PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS DO CORPO DE XESTIÓN
 PROCESUAL E ADMINISTRATIVA**

Non hai solicitudes para este corpo.

**PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS DO CORPO DE
 TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA**

APELIDOS E NOME	ANTIGÜIDADE	LINGUA GALEGA	PUNT. TOTAL
GRUEIRO VARELA, PATRICIA	21,15	12	33,15
LÓPEZ DE NICOLÁS, IRIA	18,54	12	30,54
SOTO VALDÉS, SUSANA	63,66	0	63,66

**LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO CORPO DE TRAMITACIÓN PROCESUAL E
 ADMINISTRATIVA**

APELIDOS E NOME	CAUSA DE EXCLUSIÓN
CAÍNZOS MORANDEIRA, MARÍA	Non cumprir co establecido no art.7.1 b)
MOURIÑO GUERREIRO, CRISTINA	Non cumprir co establecido no art.7.1 b)

**PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS PERSOAS CANDIDATAS DO CORPO DE AUXILIO
 XUDICIAL**

APELIDOS E NOME	ANTIGÜIDADE	LINGUA GALEGA	PUNT. TOTAL
MARTÍNEZ MONTEAGUDO, JUAN LUIS	23,46	8	31,46



ANEXO II
**LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO
CORPO DE XESTIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA**

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Instrución N. 1 O Porriño		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Deserta		

**LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS
DO CORPO DE TRAMITACIÓN PROCESUAL E ADMINISTRATIVA**

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Prim. Inst. e Instr. N.2 Betanzos		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Deserta		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Instancia N.11 A Coruña		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Deserta		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. do Penal N.3 A Coruña		
Motivo da desocupación:	Liberación sindical	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Deserta		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. do Penal N.2 Santiago de Compostela		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Patricia Grueiro Varela		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Prim. Inst. e Instr. N.2 Mondoñedo		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Susana Soto Valdés		

**LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO
CORPO DE AUXILIO XUDICIAL**

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. de Paz de Malpica de Bergantiños		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CAX
Adxudicatario/a:	Juan Luis Martínez Monteagudo		

